

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDAÇÃO CALOUSTE GULBENKIAN E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA PARA A ORGANIZACIÓN DA EXPOSICIÓN “TESOUROS REAIS. Obras mestras do Terra Sancta Museum.”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** formalizou o 05 de marzo de 2024 con **FUNDAÇÃO CALOUSTE GULBENKIAN**, o instrumento convencional arriba referido por unha duración máxima dende a súa sinatura e ata 04 de agosto de 2024

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Fundação Calouste Gulbenkian para a organización en Santiago de Compostela da mostra “TESOUROS REAIS. Obras mestras do Terra Sancta Museum” que se presentará desde o 21 de marzo ao 04 de agosto de 2024.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.



Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 2000/1.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

- “a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.



- c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.
- d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.
- e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.
- f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.
- g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.
- h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.”

A Fundación Cidade da Cultura está ideada como un polo cultural de gran envergadura, dedicado ao coñecemento e a creatividade, a Cidade da Cultura de Galicia perfilouse desde as súas orixes como un instrumento que, conxugando pasado e futuro, permitise a Galicia abordar de maneira integral un ámbito estratéxico para o seu desenvolvemento: o da cultura.



Igualmente o II Plan Estratéxico da Fundación Cidade da Cultura 2021-2027, recolle a Acción 1.1.5 Programa expositivo regular, co obxectivo é desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo.

Conforme todo ao anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia está interesada na organización da exposición que en Santiago de Compostela recibirá a denominación de “TESOUROS REAIS. Obras mestras do Terra Sancta Museum”, un proxecto expositivo organizado polo Museo Gulbenkian de Lisboa e o Museo da Frick Collection de Nova York en colaboración coa Custodia de Terra Santa de Xerusalén e a propia Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

A mostra está composta por 75 pezas que poden ser complementadas por obras que teñan relevancia cultural ou histórica a nivel local. O conxunto conforma unha extraordinaria amalgama de escrituras, pinturas, ourivería, códices iluminados, pezas bibliográficas e ornamentos e téxtiles varios doados ao longo dos séculos por casas reais europeas, a república italiana e os Estados da igrexa coa intención de amosar a súa devoción aos santos lugares e apoiar a súa custodia.

A exposición pon de relevo a inmensa fascinación e o poder de atracción que exerce Xerusalén, así como os intereses diplomáticos, políticos e relixiosos vinculados á Terra Santa e conectar os dous centros de peregrinación por excelencia, Xerusalén e Santiago de Compostela.

Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura do presente convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto do mesmo ao que se circunscribe.

Pola súa banda, a Fundação Calouste Gulbenkian é unha Fundación internacional, con sede en Portugal, que promove o desenvolvemento de persoas e organizacións, a través



da arte, da ciencia, da educación e da beneficencia, para unha sociedade máis equitativa e sustentábel.

Promoven un maior acceso á cultura e o poder transformacional da arte no desenvolvemento das persoas e das sociedades. A Fundación inclúe un centro de artes, unha orquestra e un coro, unha biblioteca de arte e arquivo, e un instituto de investigación científica e é o titular do Museu Calouste Gulbenkian de Lisboa e promotores do proxecto expositivo sobre pezas doadas á Custodia Franciscana de Terra Santa, “O Tesouro dos Reis. Obras-primas do Terra Sancta Museum”(denominación portuguesa da exposición), en colaboración coa Custodia de Terra Santa de Xerusalén e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Polo anterior, ambas Fundacións ratificaron o seu interese en asinar a presente colaboración para a organización en Santiago de Compostela de “TESOUROS REAIS. Obras mestras do Terra Sancta Museum.”

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

